

**ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DO PAS ANUALIDADE 2015 (PAS 2015)**

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas do día vinte e cinco reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras de reparación e mellora casa da cultura de Bertamiráns.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don David Santomil Mosquera, concelleiro delegado de educación e cultura.

**Vogais:**

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.





Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 2 de decembro de 2016, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas pola empresa CYS HISPANIA SL que ofertou unha baixa dun 32,07 % e SOLCONOR SL que ofertou unha baixa dun 32,17 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

**ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á CYS HISPANIA SL e SOLCONOR SL concedéndolle un prazo de 5 días ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.



No caso da empresa SOLCONOR SL non presentou no prazo conferido ningunha documentación para xustificar a baixa temeraria, quedando polo tanto excluída do procedemento de contratación.

A empresa CYS HISPANIA SL presentou no prazo conferido a documentación xustificativa requirida dándolle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da documentación presentada por CYS HISPANIA SL.

A técnica do Concello emite un informe, con data 19 de xaneiro de 2017, que transcrito literalmente dí:

**"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) E DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS**

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Ames ten convocado procedemento negociado para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 99.446,19 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 80.817,57 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 77.642,95 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 69.878,65€, que supón un 29,73% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SA: 67.553,20 € [32,07% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

**INFORME:**

A empresa ten presentado unha exhaustiva documentación, da que se destaca a relativa á xustificación de prezos:

Xustificación dos custos da man de obra do persoal propio:

Calcúlase o prezo/hora do persoal propio adscrito á obra, computados o importe bruto do salario e a cota obreira, para cada unha das categorías (oficial de 1ª e oficial de 2ª). Os datos utilizados proceden das nóminas de dous dos traballadores da empresa, das que se xuntan copias.

Xustificación do subministro dos materiais

Neste apartado indícase o prezo ofertado polos subministradores correspondentes aos materiais que teñen máis relevancia da obra, en concreto: portas, pavimentos, conducións, varilla de aceiro inoxidable e morteiro. Achéganse cartas de compromiso dos provedores: SAVA SL, RENDUELES SL, LUCAS SL.

Xustificación das partidas de obra subcontratadas

O licitador achega cartas de compromiso de diversas subcontratas para a execución de determinadas partidas:

- OLEKSANDR TKACH: protección hidrófuga, falso teito, pinturas
- TECNICAS METÁLICAS SANTIAGUESAS: vidro de seguridade, remates metálicos

Xustificación dos custos de maquinaria e medios auxiliares

A maior parte da maquinaria e de medios auxiliares son propiedade da empresa. Para a reparación da fachada de pedra é

preciso a colocación dunha estada, que se pretende alugar. Achégase carta de compromiso da empresa EUROMONTAXE PROFESIONAL SL, co custo do aluguer.

Modificación dos prezos descompostos

Cos datos facilitados nos apartados anteriores, elabóranse novos prezos descompostos, a aplicar no orzamento.

Orzamento

O licitador elabora un orzamento a partir dos novos prezos descompostos, mantendo as medicións. Ao orzamento de execución material aplícalle o 13% de gastos xerais e o 6% de beneficio industrial.

**Avaliación da documentación aportada:**

Analizada a documentación presentada, compróbase que se ten realizado un estudo pormenorizado da obra aos efectos de elaborar a oferta. Os datos utilizados para a determinación da oferta están conveniente xustificadas e acreditadas.

A diferenza entre a baixa da oferta presentada pola empresa e a baixa considerada temeraria é do 2,34%, cantidade que se considera asumible en función dos argumentos empregados polo licitador.

**CONCLUSIÓN:**

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que a xustifica adecuadamente, **polo que se informa de xeito favorable**".

A vista do resultado do informe emitido por María Gamundi Fernández, procede a continuación no procedemento de CYS HISPANIA SL por considerarse, á vista da documentación aportada, que non ten carácter desproporcionado a súa oferta económica. Polo tanto a continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

**Tipo de licitación con IVE: 99.446,19.- Euros**

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	82.987,85	23,96
OBRAS G. NOVA SL	98.236,19	2,69
SERAFÍN LUEIRO SOUTO	93.442,00	9,38
CONSTRUCCIONES DALZA SL	89.986,63	14,20
CONSTRUCTORA EDISERPO SL	71.148,00	37,13
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	72.734,82	35,47
SYR-AMG OBRAS Y SERVICIOS SLU	72.327,11	35,98
COVIASSTEC SL	80.809,97	27,00
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	82.981,80	23,97
ECOMIR ESTRUCTURAS SL	86.720,70	18,75
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	83.693,91	22,98
CYS HISPANIA SL	67.553,20	40,90
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	77.011,11	30,98
ÁBACO CR SL	74.584,64	33,53
SERGONSA SERVICIOS SL	81.356,77	26,24

EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	83.514,91	23,23
SOLCONOR SL	67.457,50	41,00
ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	71.223,72	37,05
NORTEMAR SL	92.413,92	10,81
INTEGRAL ARCHITECTURE SYSTEMS SL (GRUPOIAS)	73.035,60	35,15
CIES OBRA CIVIL SL	78.472,99	29,45
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	82.002,39	25,34
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	85.598,98	20,32
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	90.326,97	13,72

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
CYS HISPANIA SL	67.553,20	40,90
CONSTRUCTORA EDISERPO SL	71.148,00	37,13
ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	71.223,72	37,05
SYR-AMG OBRAS Y SERVICIOS SLU	72.327,11	35,98
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	72.734,82	35,47
INTEGRAL ARCHITECTURE SYSTEMS SL (GRUPOIAS)	73.035,60	35,15
ÁBACO CR SL	74.584,64	33,53
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	77.011,11	30,98
CIES OBRA CIVIL SL	78.472,99	29,45
COVIASSTEC SL	80.809,97	27,00
SERGONSA SERVICIOS SL	81.356,77	26,24
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	82.002,39	25,34
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	82.981,80	23,97
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	82.987,85	23,96
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	83.514,91	23,23
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	83.693,91	22,98
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	85.598,98	20,32
ECOMIR ESTRUTURAS SL	86.720,70	18,75
CONSTRUCCIONES DALZA SL	89.986,63	14,20
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	90.326,97	13,72
NORTEMAR SL	92.413,92	10,81
SERAFÍN LUEIRO SOUTO	93.442,00	9,38
OBRAS G. NOVA SL	98.236,19	2,69


A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org  
www.concellodeames.org

Teif: 981 883 002  
Fax: 981 883 925









1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa SOLCONOR SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria, no prazo concedido.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de reparación e mellora da casa da cultura de Bertamiráns á empresa **CYS HISPANIA SL** con CIF B-74.282.781 no prezo de cincuenta e cinco mil oitocentos vinte e nove euros e nove céntimos **(55.829,09.- Euros)**, máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de once mil setecentos vinte e catro euros e once céntimos **(11.724,11.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e vinte e catro minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.





# PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da  
Deputación da Coruña co  
Departamento de Matemática  
Aplicada da Universidade de Santiago  
de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo Ningún archivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

## Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

### REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Limite Oferta Temeraria				
99,446.19 €		40 puntos	80,817.57 €	77,642.95 €	69,878.65 €				
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total	
1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	82,987.85	16.55	1.00	22.96	Non	Non	23.96	
2	OBRAS G. NOVA SL	98,236.19	1.22	1.00	1.69	Non	Si	2.69	
3	SERAFÍN LUEIRO SOUTO	93,442.00	6.04	1.00	8.38	Non	Si	9.38	
4	CONSTRUCCIONES DALZA SL	89,986.63	9.51	1.00	13.20	Non	Si	14.20	
5	CONSTRUCTORA EDISERPO SL	71,148.00	28.46	1.00	36.13	Non	Non	37.13	
6	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	72,734.82	26.86	1.00	34.47	Non	Non	35.47	
7	SYR-AMG OBRAS Y SERVICIOS SLU	72,327.11	27.27	1.00	34.89	Non	Non	35.89	
8	COVIASSTEC SL	80,809.97	18.74	1.00	26.00	Non	Non	27.00	
9	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	82,981.80	16.56	1.00	22.97	Non	Non	23.97	
10	ECOMIR ESTRUCTURAS SL	86,720.70	12.80	1.00	17.75	Non	Non	18.75	
11	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	83,693.91	15.84	1.00	21.98	Non	Non	22.98	
12	CYS HISPANIA SL	67,553.20	32.07	1.00	39.90	Si	Non	40.90	
13	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	77,011.11	22.56	1.00	29.98	Non	Non	30.98	
14	ÁBACO CR SL	74,584.64	25.00	1.00	32.53	Non	Non	33.53	
15	SEGONSA SERVICIOS SL	81,356.77	18.19	1.00	25.24	Non	Non	26.24	
16	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	83,514.91	16.02	1.00	22.23	Non	Non	23.23	
17	SOLCONOR SL	67,457.50	32.17	1.00	40.00	Si	Non	41.00	
18	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y	71,223.72	28.38	1.00	36.05	Non	Non	37.05	

CONSTRUCCIONES SLU								
19	NORTEMAR SL	92,413.92	7.07	1.00	9.81	Non	Si	10.81
20	INTEGRAL ARCHITECTURE SYSTEMS SL (GRUPO IAS)	73,035.60	26.56	1.00	34.15	Non	Non	35.15
21	CIES OBRA CIVIL SL	78,472.99	21.09	1.00	28.45	Non	Non	29.45
22	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	82,002.39	17.54	1.00	24.34	Non	Non	25.34
23	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	85,598.98	13.92	1.00	19.32	Non	Non	20.32
24	TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	90,326.97	9.17	1.00	12.72	Non	Si	13.72

Imprimir

Four blue ink signatures or stamps are visible in the middle of the page. From left to right: a large, stylized signature; a signature with a circular flourish; a signature that looks like the letter 'A'; and a signature that appears to be 'M. Quintana' with a circular flourish.